

**DOC. 1** A Lúa xira ao redor da Terra

A Lúa realiza dous movementos ao mesmo tempo: o movemento de rotación, cando xira ao redor do seu propio eixe, e o movemento de translación, cando xira ao redor da Terra.

A Lúa tarda o mesmo tempo en dar unha volta ao redor do seu eixe e ao redor da Terra, 28 días aproximadamente.


No seu percorrido ao redor da Terra, a superficie da Lúa é iluminada polo Sol de diferentes maneiras. Iso fai variar a forma en que a vemos desde a Terra. Son as chamadas **fases lunares**.

1. A Lúa e a Terra teñen os mesmos movementos? Cales son?

2. Observa o debuxo e responde:

- Como se ve a Lúa desde o espazo exterior? Como a vemos desde a Terra?
- Identifica cada unha das fases lunares. A que se deben estas fases?
- En que fases vemos toda a superficie dunha cara da Lúa?

**AS FASES DA LÚA**



**DOC. 2** As eclipses

Unha eclipse é a ocultación total ou parcial do Sol ou da Lúa vistos desde a Terra.

As eclipses ocorren cando a Terra, a Lúa e o Sol están aliñados, e a Terra ou a Lúa se interpoñen entre os outros dous astros.

3. Que debe suceder para que se produza unha eclipse de Sol? E para que ocorra unha eclipse de Lúa?

4. Observa o primeiro debuxo e razoa se as eclipses de Sol se ven igual en todas as partes da Terra.

**A ECLIPSE DE SOL**



**A ECLIPSE DE LÚA**



**DOC.**  
**3** **As mareas**

As mareas son ascensos e descensos da auga do mar debidos á atracción da Lúa e, en menor medida, do Sol.

Cando a Terra, a Lúa e o Sol están aliñados, as mareas son máis acusadas e coñécense como mareas vivas.

Coñecer cando se producen as mareas é moi importante, porque hai praias que chegan a desaparecer.



5. Explica as diferenzas entrabas as dúas fotografías. A que se deben as distintas situacións?